

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 21 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se modifica a Resolución do 13 de decembro de 2019 pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área.*

Advertido un erro na antedita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 256, do 22 de decembro de 2020, procede efectuar a seguinte corrección:

No punto segundo, na páxina 50248, onde di: «Reabrir o prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para a presentación de solicitudes de participación neste proceso», debe dicir: «Reabrir o prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para a presentación de solicitudes de participación neste proceso, nas especialidades que se indican no anexo, agás en medicina preventiva e saúde pública, medicina do traballo e xeriatria; especialidades estas últimas que non modifican o número de prazas convocadas como consecuencia da aprobación do Decreto de oferta de emprego público de persoal estatutario para o ano 2020».

